



Santiago de Compostela, 04 de setembro de 2009
VIII CONGRESO DE HISTORIA DA LINGUA ESPAÑOLA
14 – 18 de setembro de 2009
FACULTADE DE FILOLOXÍA
Universidade de Santiago de Compostela

<http://8cihlesantiago.org/>

Estimado/a colega:

A Comisión Organizadora pon en coñecemento de todos os congresistas que o acto de INAUGURACIÓN OFICIAL do Congreso, previsto inicialmente para as 11:30, adelantouse ás 11 horas para poder contar coa presenza do Sr. Conselleiro de Cultura e Turismo, D. Roberto Varela Fariña. O resto de actos do día manteñen o seu horario orixinal. A corrección púdose incluír no Programa impreso e na páxina electrónica do Congreso.

A Comisión Organizadora comprácese en comunicarlle que deseñou un programa cultural, que require, sen embargo, a colaboración dos congresistas en aspectos puntuais:

A Consellería de Cultura e Turismo programou unha visita á Cidade da Cultura (<http://www.cidadedacultura.org/>), para a que se require por razóns de seguridade elaborar unha lista co nome, apelidos e DNI dos visitantes. Quenes estean interesados na visita deben indicalo por correo electrónico á organización do congreso, adxuntando o seu número de DNI e os días de estancia en Santiago. A reserva farse por estricta orde de chegada da correspondente solicitude.

A Fundación Barrié de la Maza nos programou visitas guiadas ó Coro Pétreo do Maestro Mateo (<http://www.fbarrie.org/fundacion/webcoro/inicio.htm>) e ó Pórtico da Gloria desde o andamio que se utilizou para a súa limpeza. As visitas, como é natural, están limitadas polo que quenes desexen asistir deben facelo saber á Organización do Congreso, a poder ser antes do día 14, indicando os días de estancia en Santiago. A reserva farse por estricta orde de chegada da correspondente solicitude.

A Organización deseñou un Percorrido turístico polos Canóns do Sil e a Ruta do Románico Galego (<http://www.riosil.com/>). Agás a comida, esperamos subvencionar os autobuses e a viaxe en catamarán. A contratación dos autobuses e das prazas no catamarán require coñecer con antelación o número de congresistas que van a participar na excursión. Pregamos que comuniquen á Organización do Congreso a súa intención de participar na excursión, de ser posible, antes do día 14.

Escollimos para a cea de gala un entorno típicamente galego, o Pazo Vista Alegre, coa intención de simular unha “romería” galega, na que non falten nin o grupo de gaitas nin as bombas de palenque. O menú terá unha primeira parte, que se degustará nos xardíns do Pazo (Polbo Estilo Feira, Empanadas Variadas, Mexilóns a varios gustos, Queixo do País, Chourizo Galego, xamón do País e Lacón Cocido), e unha segunda

máis formal con mantel e mesa a base de marisco e pescado galegos. O prezo é de 59,14 € +7% IVA. Prégase que todos os que desexen asistir o fagan saber á Organización, preferentemente antes do día 14.

O martes, día 15, o grupo de música antiga Martín Codax (<http://www.martincodax.org/>) daranos un concerto no Paraninfo da Universidade ás 21.15. Programa e integrantes do grupo na páxina electrónica do Congreso.

RECOMENDACIÓN:

Recoméndase a quenes vaian a utilizar medios informáticos que recurran á infraestrutura que lle ofrece a Organización. A conexión do canón ós ordenadores personais poida dar problemas e retrasar o desenvolvemento das sesións. Todo o material informático que se vaia a utilizar debe ser compatible con Windows XP e con Office 2003

COMUNICACIÓN:

O luns, día 14, ás 20:30 hs., trala conferencia plenaria no mesmo salón de actos da Facultade de Filoloxía, presentarase o libro-homenaxe que a Asociación de Historia de la Lingua, coa colaboración da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, fix a D. Rafale Lapesa co título *La obra de Lapesa desde la filología actual*.

CONTACTO E INFORMACIÓN:

- Máis información na páxina electrónica do Congreso: <http://8cihlesantiago.org/>.
- Correo electrónico do congreso: congreso@8cihlesantiago.org

Secretaría do VIII Congreso Internacional de Historia da Lingua Española

Departamento de Lingua Española
Facultade de Filoloxía
Universidade de Santiago de Compostela
Avda. Castelao, s/n. Campus norte
E - 15782 Santiago de Compostela. ESPAÑA
Correo electrónico: congreso@8cihlesantiago.org
Páxina electrónica: <http://8cihlesantiago.org>

Quedamos a súa disposición para calquera consulta sobre o próximo congreso. Un cordial saúdo.

Santiago, 04 de setembro de 2009



Coordinador: Emilio Montero Cartelle